



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

TRANSCRICION DE TEXTO

DURACION 0:10:12

INCIPIIT: DONDE VES O MARUXIÑA

0:00:02

Dónde ves o Maruxiña
Nesta mañán de xiada
Veño da Ribeira Nova
De regar toda mollada

De regar toda mollada
De falar con quen quería
Veño da Ribeira Nova
Toda chea de alegría

Toda chea de alegría
Toda chea de calor
Veño da Ribeira Nova
De falar co meu amor

- Como diría eu? Como estribillo musical para intercalar entre dúas cantigas, mentras se pensa a cantiga seguinte, mentres se busca ou aparece o espontáneo que a canta, pois hai o coro que está con esta especie de estribillo
- Ya

0:01:12

Polo mar abaixo
vai unha troita de pe
Corre que te corre
Quen a poidera coller

Quen a poidera coller
Quen a poidera pillar
Polo mar abaixo
Vai unha troita a nadar

- Esto sí é conocidísimo en todas partes
- Si si

ID#613

0:01:32

(Si vas a San Benit) iño
Non vaias o de Paredes
Que hai outro mais milagreiro
Que hai outro mais milagreiro
San Benitiño de Lerez

- Esto é de Pontevedra
- Si

0:01:51

Ardell´o carro
Ardell´o eixe
Árdelle o carro
Os de Valeixe

Árdello o carro
Que eu ben o vin
Árdelle o carro
Os de Marin

- Si
- Esto ceais precisase unha explicación que é a seguinte. Aquí en Galicia hai unha fórmula, unha frase que é ao mesmo tempo unha frase de desafío que é a de “árdelle-lo eixe”, “árdell´o eixo Carballeira”, “quen me de un pan doulle un peso” “árdell´o eixo aos de Combarro”.
- Si
- E a explicación da frase é a seguinte:
- O carro do país ten o eixo de madeira, xira conxuntamente coas rodas sobre un encarno tamén de madeira. O rozar madeira con madeira, claro, chirrían. Pero canto mais cargado vai o carro, mais presión fai, polo tanto chega un momento en que o eixo arde. De ahí a: “se queres que o carro cante, móllalle o eixo no río, porque hai que mollala pra que non arda, pero ó mesmo tempo, o feito de que arda indica que leva moita carga, moita riqueza. De maneira que é unha frase de gabanza... “árdell´o eixo Carballeira”, a ver quen se atreve connigo, a ver quen é mais ca min. De ahí ven o estribillo ese árdelle o eixe os de Combarro: cantar de valentía
- Esta outra oína en Rivadavia e oína en Vigo, de maneira que , en fin, ten certa extensión,
- - si, si si

ID#613

0:03:45

- Lévame, ... lévame,...non, é de Ribadavia porque xa a letra o di...

Barqueiros de Ribadavia
Vindeme pasar a minhe
Veño da santa Lilaina
E vou pro San Agustinhe
Ai a la la la la ...

Antes efectivamente, e aínda non fai moito, non había ponte para pasar o río en Ribadavia e había unhas barcas e de ahí a cantiga as barcas estas.

E esta é curiosa porque é descriptiva dunha danza. Esta é da zona de Noia. Dice:

0:04:58

Unha volta polo medio
I outra polo arredore
I outra polo arredore
Así fan os que ben ballan
Así fan os que ben ballan
Así fan os bailadores
Asi fan os bailadores

- Que é unha de descrición dun director da danza
- Ya
- Do que está dirixindo a danza “ unha volta polo medio... e
- Si pero a repetición da letra, pola música, ..., da a impresion como si fora un eco dun coro ou unha cousa así.
- Non
- Eu oína así aislada, non a oín, vamos, “na práctica”...

...

- Esta sí, Esta tamén oína en Lobeira pero paréceme que me cae por moitos sitios

0:06:15

Canta ti cantarei eue
Iremo-los dous cantando
Cante quen tiver amores
Qu’os nosos vanse acabando

- Bueno, moitas destas o que fan e repetir os dous últimos versos
- Si si
- En forma de alalá

0:06:51

San Benitiño de Monterredondo
Hei dir alá miña nai se non morro
Hei de levar unha bota de viño
E un molete de pan do Porriño

- Esta é da zona esa de Vigo e por alí
- Si

ID#613

Esta outra, 29, é tamén un pouco de esas medio cómicas

0:07:22

Non te cases cun ferreiro
Kikiriki
Que é moi malo de lavare
cacaracá
Casate cun mariñeiro
Kikiriki
Que ven lavado do mare
Cacaracá
Ai la la la la

-Esta é da costa esa de Vigo

- Esta outra si, oína en Lobeira tamén pero tamén a hai noutros sitios

0:07:55

Eu teño un canciño
que balla abofé
que balla a muiñeira
na punta do pe
na punta do pe
da un brinco pra atrás
e toca nas cunchas
o chascarraschás

- Eiquí hai unha que a min chamoume moito a atención. Têñoa oído moito pola comarca aquela de vilagarcía e por ahi, pero ao mesmo tempo, pola composición especial, sobre todo da letra e a combinación musical, dame a impresión de que é unha cousa un pouco culta, que o pobo a colleu ou que é unha cousa culta ou algo así, non sei, non me..., non podó certificar o carácter popular. É esta:

Eu de Carril ausenteime
Moi lonxe fun a vivir
Pasei a vida chorando
E suspirando
Carril por ti
Xa non sei cantar
Xa non sei vivir
Sin os airiños da terra
Xa non sei cantar
Xa non sei vivir

- Pero dame a impresión de que tuvo tanta difusión por toda Galicia. Esa da... A virxe de Guadalupe ???daloés pero eso non creo que aprendesen nada porque non tiñan tempo. Ian a traballar, Traballaban de sol a sol non tiñan tempo
- En cambio os soldados nun cuartel, de varias rexións, metidos uns cos outros, oían cantaban pra pasar o tempo e claro, eso tivo que ter unha influencia grande. Esta outra é aprendida por eiquí pola comarca de Ourense...FIN

REMATA EN 0:10:11